ORDENANZA Nº 18, REGULADORA DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA

1. INTRODUCCIÓN.
2. DEFINICIÓN.
3. FUNCIONAMENTO.
4. OBXECTIVOS DO SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA.
5. OS USUARIOS DO SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA.
6. REQUISITO ECONÓMICO PARA SER BENEFICIARIO/A DO PROGRAMA.
7. ORGANIZACIÓN INTERNA DO CONCELLO DE TORDOIA EN RELACIÓN Ó SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA.
8. O PROCESO DE CONCESIÓN / IMPLANTACIÓN / FINALIZACIÓN DO SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA.
9. EXTINCIÓN Y FINALIZACIÓN.
SELECCIÓN DE SOLICITUDES
10. SITUACIÓN PERSOAL DO SOLICITANTE.
11. INDICE DE ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS DA VIDA DIARIA.
12. INDICE DE KATZ DE ACTIVIDADES DA VIDA DIARIA.
13. SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR.
14. CONDICIÓNS FÍSICAS DO ENTORNO.
Disposición transitoria.
Disposición final.

1. INTRODUCCIÓN

En algúns colectivos, singularmente o de persoas maiores ou o de discapacitados físicos, as dificultades de autonomía persoal, a carencia de relacións persoais e familiares, a presencia de enfermedades crónicas e outras patoloxías asociadas, unido ós frecuentes sentimentos de angustia, soedade, trastornos depresivos, etc., xustifican a conveniencia de arbitrar algún tipo de atención permanente. Elíxese como o máis idóneo para estas circunstancias o Servicio de Teleasistencia Domiciliaria.
O Servicio de Teleasistencia Domiciliaria pretende mellora-la calidade de vida dos usuarios, permitindo ás persoas que non precisen de coidados permanentes, continuar no seu domicilio habitual e no entorno no que desenrolaron a súa vida, coa tranquilidade de que ante calquera risco ou emerxencia van a ser atendidas con rapidez, paliando deste xeito os sentimientos antes aludidos e evitando, en parte, internamentos innecesarios en centros asistenciais.

2. DEFINICIÓN

O Servicio de Teleasistencia Domiciliaria é un servicio de atención as 24 h. do día durante os 365 días do ano, no que o/a usuario/a somentes ten que pulsar un botón ante calquera situación de emerxencia para entrar en contacto verbal, mans libres,

cunha “central de atención”, dende a que se atende a súa demanda, mediante un sistema de comunicacións e un sistema informático específicos.

3. FUNCIONAMENTO

No domicilio do usuario instálase un terminal telefónico cun radio-enlace que ó ser activado conecta automaticamente cunha central dotada de persoal especializado e preparado para dar resposta á crise presentada. O Servicio de Teleasistencia Domiciliaria funciona as 24 h. do día e os 365 días do ano.

4. OBXECTIVOS DO SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA

• Contribuír a lograr a permanencia das persoas vulnerables no seu medio habitual.
• Evitar o desarraigo do medio e os costos que conleva: persoais, sociais, económicos.
• Facilitar o contacto co seu entorno socio-familiar.
• Asegurar a intervención inmediata en crise de carácter social, médico, persoal, proporcionando seguridade.
• Contribuír decisivamente a evitar ingresos innecesarios en centros residenciais.

5. OS USUARIOS DO SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA

Destinatarios:
• Persoas que viven soas: con máis de 65 anos de idade ou que padecen unha enfermidade ou minusvalía que lles impida desenvolverse con autonomía.
• Persoas que conviven con outras, e unha/s dela/s ten máis de 65 anos e/ou padece unha enfermidade ou minusvalía que lle limita a súa autonomía persoal e doméstica.
Exclusións (por razóns do manexo do sistema):
• Persoas con enfermidades mentais graves, incluídas demencias senís.
• Persoas con deficiencias notorias de audición e/ou expresión oral.
Tipos:
• Usuario principal, titular do terminal.
• Usuarios vinculados ó principal:
Usuario con unidade de control remoto propia (U.C.U.)
Usuario sen unidade de control remoto propia (U.S.U.)

6. REQUISITO ECONÓMICO PARA SER BENEFICIARIO/A DO PROGRAMA

1. Persoa que vive soa: ingresos inferiores o iguais ó 130% do S.M.I.
2. Convivencia de dúas persoas: ingresos inferiores o iguais ó 150% do S.M.I.
3. Convivencia de tres ou máis persoas:ingresos inferiores o iguais ó 170% do S.M.I.
Quedas excluídas as persoas que non cumpran estes requisitos en tanto que o Programa Municipal de Teleasistencia Domiciliaria se preste con total gratuidade para os usuarios/s.

7. ORGANIZACIÓN INTERNA DO CONCELLO DE TORDOIA EN RELACIÓN Ó SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA

O Servicio de Teleasistencia Domiciliaria concíbese como un instrumento máis dos recursos socias dispoñibles, para realizar unha intervención en un caso de carencia ou para aumentar a calidade de vida persoal.
A responsabilidade deste Servicio se asigna ó técnico de servicios sociais municipais (traballador social).

8. O PROCESO DE CONCESIÓN / IMPLANTACIóN / FINALIZACIÓN DO SERVICIO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA

NORMAS DE PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO PARA A SOLICITUDE. A CONCESIÓN / DENEGACIÓN DO Servicio de Teleasistencia Domiciliaria.
A demanda do Servicio de Teleasistencia Domiciliaria da a lugar a un procedemento administrativo, que constará das seguintes fases:
Primeira.–Se iniciará mediante unha solicitude segundo un modelo normalizado a disposición dos cidadans nas dependencias dos servicios sociais municipais. A solicitude debe ir firmada polo interesado ou polo seu representante.
Segunda.–Os servicios sociais municipais recollerán a demanda que irá acompañada da seguinte documentación:
• Fotocopia do DNI do/a solicitante e dos membros da unidade familiar que convivan con el/ela.
• Fotocopia da tarxeta sanitaria.
• Certificado de empadroamento e convivencia.
• Documentación acreditativa de ingresos (nómina, certificado de pensións, prestacións, etc.) do solicitante e de tódolos membros da unidade familiar que conviven co/a solicitante.
• Fotocopia da declaración da renda ou certificado negativo da mesma, do solicitante e de tódolos membros da unidade familiar que conviven co/a solicitante.
• Recibo de aluguer da vivenda.
• Informe médico.
• Declaración xurada de no ter dereito á Teleasistencia por outra entidade u organismo.
Terceira.–Una vez cumprimentada a solicitude, ésta se presentará nas oficinas do rexistro de documentos do Exmo. Concello de Tordoia. A presentación da solicitude determina o dereito a esixir da administración o correspondente recibo que acredite a data de presentación, admitindo como tal unha copia na que figure a data de presentación anotada pola oficina.
Cuarta.–Si se observan defectos formais na solicitude do tipo de que a mesma non reúna os requisitos anteriormente mencionados, o Concello está obrigado a requerir ó/á interesado/a para que no prazo de 10 días subsane a falla ou acompañe os documentos preceptivos, indicando en dito requerimento de que, si así non o fixera, tendráselle por desistido na súa petición, arquivándose sen mais a súa solicitude.

Quinta.–O/a traballador/a social conectará co interesesado/a para obter tódala información que sexa necesaria para a realización dun Informe Social, que incluirá valoracións cualitativas (entrevistas, visita domiciliaria, información documental...) e cuantitativas (aplicación do baremo). O informe deberá ser emitido no prazo de 10 días a contar dende o día seguinte da recepción da solicitude ca documentación completa no Departamento de Servicios Sociais Municipais.
Dito informe se incorporará ó expediente administrativo e servirá para fundamentar a resolución que se adopte.
Sexta.–O traballador/a social informará ó Sr. Alcalde do cumprimento dos requisitos, e con esto a conveniencia ou non de alta da solicitude no servicio, ou na súa inclusión na lista de espera.
Sétima: Se notificará ó interesado a resolución adoptada, que en tódolos casos deberá ser motivada (o informe servirá de motivación á resolución).

9. EXTINCIÓN Y FINALIZACIÓN

Serán causa de extinción o finalización do Servicio de Teleasistencia Domiciliaria, as seguintes:
- Defunción ou renuncia do/a solicitante.
- Traslado do/a beneficiario/a a outro municipio.
- Por “mal uso” reiterado do dispositivo.
- Pola modificación das circunstancias baremables que ocasionaron a concesión.
- Pola ocultación e/o falseamento de datos do/a solicitante.

SELECCIÓN DE SOLICITUDES

Para poder ordenar en función dunha puntuación o máis obxectiva posible, se utiliza o BAREMO DE CONCESION DO SERVICIO DE TELEASISTENCIA, no que se valoran os seguintes aspectos:
1. SITUACIÓN PERSOAL SO SOLICITANTE.
2. ACTIVIDADES INTRUMENTAIS DA VIDA DIARIA.
3. INDICE DE KATZ.
4. SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR.
5. CONDICIÓNS FÍSICAS DO ENTORNO.

A Puntuación total obtense ca suma de tódalas puntuacións.

10. SITUACIÓN PERSOAL DO SOLICITANTE

A. Terceira idade:
- De 65 a 70 anos : 0, 5 puntos.
- De 71 a 75 anos: 1 punto.
- De 76 a 80 anos: 1, 5 puntos.
- De 81 a 85 anos: 2 puntos.
- De máis de 86 anos: 2, 5 puntos.

B. Minusválidos:

· Entre 33 e o 64%: 0, 5 puntos.
• Entre el 65 e o 75%: 1 punto.
• Superior ó 75%: 1, 5 puntos.

11. INDICE DE ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS DA VIDA DIARIA

A. Capacidade para usar o teléfono:
1. Utiliza o teléfono a iniciativa propia, busca e marca os números: 0 puntos.
2. Marca uns cantos números ben coñecidos: 0 puntos.
3. Contesta ó teléfono pero non marca: 1 punto.
4. Non usa o teléfono en absoluto: 2 puntos.
B. Ir de compras:
1. Realiza tódalas compras necesarias con independencia: 0 puntos.
2. Compra con independencia pequenas cousas: 0 puntos.
3. Necesita compañía para realizar calquera compra: 1 punto.
4. Completamente incapaz para ir de compras: 2 puntos.
C. Preparación da comida:
1. Planea, prepara e sirve as comidas con independencia: 0 puntos.
2. Prepara as comidas apropiadas si lle dan os ingredientes: 0 puntos.
3. Quenta, serve e prepara as comidas ou as prepara pero non mantén unha dieta adecuada: 1 punto.
4. Necesita que se lle prepare e serva a comida: 2 puntos.
D. Coidar da casa:
1. Coida a casa só/soa ou con axuda ocasional: 0 puntos.
2. Realiza as tarefas domésticas lixeiras como fregar os pratos ou facer as camas: 0 puntos.
3. Realiza tarefas domésticas lixeiras pero non pode manter un nivel de limpeza aceptable: 1 punto.
4. Necesita axuda para tódalas tarefas da casa: 1 punto.
5. Non participa en ningunha tarefa doméstica: 2 puntos.
E. Lavado de roupa:
1. Realiza completamente o lavado de roupa persoal: 0 puntos.
2. Lava roupas pequenas, aclara medias...: 1 punto.
3. Necesita que outro se ocupe de todo o lavado: 2 puntos.
F. Medio de transporte:
1. Viaxa con independencia en transportes públicos ou conduce seu propio coche: 0 puntos.
2. Capaz de organizar o seu transporte utilizando taxis, pero non usa outros transportes públicos: 0 puntos.
3. Viaxa en transportes públicos si é acompañado por outra persoa: 1 punto.
4. Somentes viaxa en taxi ou automóbil con axuda de outros: 1 punto.
5. Non viaxa en absoluto: 2 puntos.
G. Responsabilidade sobre a medicación:
1. E responsable no uso da medicación nas doses correctas e ás horas correctas: 0 puntos.

2. Toma responsablemente a medicación se se lle prepara con anticipación en doses separadas: 1 punto.
3. Non é capaz de responsabilizarse da súa propia medicación: 2 puntos.
H. Capacidade de utilizar os cartos:
1. Manexa os asuntos financeiros con independencia (presuposta, cubre cheques, para recibos, facturas, coñece os seus ingresos): 0 puntos.
2. Manexa os gastos cotiáns pero precisa de axuda para acudir á entidade bancaria, controlar grandes gastos...: 1 punto.
3. Incapaz de manexar os cartos: 2 puntos
PUNTUACIÓN TOTAL : Máximo 16 puntos.

12. INDICE DE KATZ DE ACTIVIDADES DA VIDA DIARIA

A. Baño ou ducha:
1. Non recibe axuda no baño: 0 puntos.
2. Recibe axuda nunha parte do corpo: 1 punto.
3. Recibe axuda para máis dunha parte corporal: 2 puntos.
B. Vestido:
1. Colle a roupa e se viste sen axuda: 0 puntos.
2. Colle a roupa e se viste sen axuda excepto para atarse os cordóns: 1 punto.
3. Recibe axuda para colle-la roupa ou vestirse, ou queda en parte desvestido: 2 puntos.
C. Ir ó servicio:
1. Vai ó aseo, límpase só/a e coloca a roupa sen axuda (pode usar apoios como bastóns ou cadeira de roupas e pode manexar cuñas ou ouriñal): 0 puntos.
2. Recibe axuda para ir ó servicio ou na limpeza ou en colocarse as roupas despois da eliminación ou no uso de ouriñal ou cuñas: 1 punto.
3. Non acude ó aseo para eliminación de heces: 2 puntos.
D. Traslado:
1. Entra e sae da cama o igual que da cadeira sin axuda (pode usar axudas como o bastón): 0 puntos.
2. Entra e sae da cama con axuda: 1 punto.
3. Non sae da cama: 2 puntos.
E. Alimentación:
1. Aliméntase só, sen axuda: 0 puntos.
2. Aliméntase só, expecto nalgunhas cousas como cortar carne: 1 punto.
3. Recibe axuda na alimentación ou es alimentado parcial o totalmente por tubos o intravenosamente: 2 puntos.
PUNTUACIÓN TOTAL: Máximo 12 puntos.

13. SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR

A. Persoa que vive soa:
1. Persoa que vive soa, carece de fillos no termo municipal ou nun radio inferior a 30 Km, e non recibe ningún tipo de axuda: 20 puntos.

2. Persoa que vive soa e aínda que teña fillos no termo municipal ou nun radio inferior a 30 Km., non recibe ningún tipo de axuda: 18 puntos.
3. Persoa que vive soa pero recibe axudas puntuais non casos de emerxencia: 16 puntos.
4. Persoa que vive soa e recibe axudas de familiares e/o veciños pero esta axuda, por falta de compromiso ou por carga excesiva, resulta insuficiente.
B. Persoa que vive acompañada:
1. Convivencia con outra/s persoa/s que sufre/n deficiencia física ou psíquica ou que, pola súa idade, non pode/n atender debidamente o/a usuario/a. Inclúense neste apartado aqueles casos nos que as relacións familiares non existan ou sexan conflictivas: 12 puntos.
2. Convivencia con persoas válidas pero ausentes do fogar máis de 10 horas ó día: 8 puntos.
3. Convivencia con persoas válidas que prestan axuda: 0 puntos.

14. CONDICIÓNS FÍSICAS DO ENTORNO

A. Vivenda:
1. Presencia de escaleiras (interiores: 4 puntos, de acceso á vivenda: 2 puntos.)
2. Servicios de aseo no exterior da vivenda: 2 puntos.
3. Condicións xerais de habitabilidade e seguridade (refírese a aspectos non valorados anteriormente: de 0 a 3 puntos).
PUNTUACIÓN TOTAL: Máximo 11 puntos.
B. Localización da vivenda:
1. Vivenda illada: Non hai outra vivenda nun radio inferior a 1 km: 6 puntos.
2. Vivenda que forma parte dun núcleo que se atopa illado dos restantes núcleos nun radio de 5 km: 4 puntos.
C. Accesibilidade e medios de comunicación ós equipamentos:
1. Proximidade: 0 puntos.
2. Pouca distancia/ accesos aceptables: 1 punto.
3. Distancia media/ accesos con certas deficiencias: 2 puntos.
4. Moita distancia/ vías de acceso diferentes: 3 puntos.
RESUME DE PUNTUACIÓN
CONCEPTOS
PUNTOS
SITUACIÓN PERSOAL DO SOLICITANTE

ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS V.D.

ÍNDICE DE KATZ

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

CONDICIÓNS FÍSICAS DO ENTORNO

TOTAL

Disposición transitoria

A partires de xaneiro de 2008 todas as solicitudes novas do servizo de Teleasistencia Domiciliaria débense tramitar ante a Vicepresidencia da Xunta de Galicia)(segundo a convocatoria de libre concurrencia realizada por cicrular n.º 1/10/07 con data 17 de outubro de 2007, que regula beneficiarios, requisitos de acceso, achega económica, documentación, baremo e modelos para solicitude), e non ante a Deputación de A Coruña.
No caso de que algunha solicitude sexa denegada pola xunta de Galiza, por non ter praza dispoñible, ao acadar o tope de teleasistencias contratatadas, esta poderase solicitar ante a Deputación Provincial segundo conforme esta ordenanza municipal vixente.

Disposición final

A presente Ordenanza Reguldora do servizo foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 24.042008 sendo de aplicación a partir da súa publicación no B.O.P. 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.